

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social e Xuventude para o aumento de prazas residenciais na área da Coruña

Expediente: G.6.Q/13610/23

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2023

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX, filla e gardadora de feito de XXX.

ANTECEDENTES

1. No escrito indica

“... a miña difícil situación cunha praza residencial para a miña nai. Vinme obrigada no mes de maio de 2023 a internala nunha residencia privada debido a problemas persoais de saúde. Levamos máis de 16 meses esperando por unha praza pública da Xunta, e a miña nai é unha persoa de 95 anos con grao 3 de dependencia, pensión media-baixa e cumpre todos os requisitos para a praza. Cada vez que pido información das listas de espera, o número na lista é maior. Como comentaba, vinme obrigada a ingresar á miña nai a 215 km do seu domicilio habitual, e non conto con ningún tipo de axuda nin cos medios necesarios para visitala diariamente, xa que conleva a moitos gastos, ademais do pago da residencia, xa que coa súa pensión non chega.

Ademais a miña nai, unha persoa de 95 anos, leva moito tempo sen ser revisada nin tratada por ningún médico e estando alí na residencia de Fonsagrada non se fan cargo dos gastos de traslado a hospitais nin revisións médicas. Ela sofre de afixia, o cal non se pode expresar nin entender o que pasa ao seu ao redor, e ten que depender dunha persoa as 24 horas ao día para calquera tipo de trámite.

Debido a que esta situación é devastadora, e non contamos cos medios económicos necesarios, vémonos en obríga de trasladar á miña nai ao seu domicilio habitual se a Xunta non nos dá unha praza pública. Alí ela reside soa.

En máis dunha ocasión enviei escritos á Xunta implorando que esta situación cambie e mesmo, acheguei informes médicos persoais. ... atópome nunha situación preocupante polo estado da miña saúde e polas condicións nas que pode quedar a miña nai se volve ao seu domicilio...”.

Sinala tamén que o expediente de dependencia provincial é o ...

2. Ante iso requirirnos informe a esa consellería, que nolo remitiu. Sinala o seguinte:

“... Primeiro. De acordo cos datos que figuran no expediente aos que ten acceso esta unidade administrativa, o 15/10/2020, de acordo coa proposta do órgano técnico de valoración da situación de dependencia, emítase resolución na que se recoñece unha situación de dependencia en grao III a XXX.

Por resolución da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Política Social e Xuventude do 22/12/2020 resólvese en favor da interesada o recoñecemento da libranza de coidados no entorno familiar.

A interesada presenta escrito solicitando a revisión do Programa Individual de Atención (2/03/2022). O 24/05/2022 iníciase o procedemento de revisión do Programa Individual de Atención motivado no cambio de modalidade de libranza ou servizo. Por resolución do 25/05/2022 da xefatura territorial da Coruña da Consellería de Política Social e Xuventude resólvese a inclusión de XXX no Programa de Asignación de Recursos para o acceso a un servizo público de 010601 Atención residencial (Carteira de servizos comúns) establecendo, de acordo coa solicitude da interesada, como área preferente para a asignación do servizo a área xeográfica da Coruña.

Con data 6/03/2023, XXX, en representación de XXX solicita ampliación das áreas xeográficas preferentes para o recurso de atención residencial estendendo a solicitude ao ámbito Comunidade Autónoma.

Con data 22/05/2023 preséntase escrito solicitando a revisión do Programa Individual de Atención. Por resolución do 28/08/2023 estímase a modificación determinando como recurso a libranza vinculada a un servizo de atención residencial por importe de 636,01 euros/mes e recoñecendo os atrasos por importe de 1.908,03 €, permanecendo incluída no Programa de Asignación de Recursos para o acceso ao servizo de atención residencial.

Segundo. O ingreso en centros residenciais dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude efectúase de conformidade co previsto na Orde do 16 de abril de 2014 polo que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal.

O artigo 7 da referida orde indica: *artigo 7. Resolución de asignación de praza.*

A asignación de prazas levarase a cabo a través do Programa de Asignación de Recursos, conforme aos criterios sinalados nos artigos 44 e 45 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.

Correspóndelle ao órgano competente en materia de dependencia resolver a asignación das prazas vacantes en cada momento, ás persoas con mellora dereito dentro do programa de asignación de recursos, con respecto ao tipo de recurso e vacante de que se trate.

A prelación de acceso ao servizo polo sistema de libre concorrència realizarase de acordo coa aplicación sucesiva dos criterios que se regulan no artigo 44 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.

Sen prexuízo do disposto con anterioridade, o órgano superior competente en materia de dependencia poderá adxudicar o servizo a unha persoa solicitante, con independencia do lugar que ocupe no Programa de asignación de recursos, ou mesmo sen estar incluído nel, cando se trate dun suposto de emerxencia social, a que fai referencia o artigo 16 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.

Terceiro. O Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes establece no seu artigo 44.4:

"(...) O programa de asignación de recursos establecerá a prelación mediante a aplicación dos seguintes criterios de priorización: a) O maior grao de dependencia. b) A menor capacidade económica. c) A situación sociofamiliar da persoa en situación de dependencia. d) A non percepción doutra prestación ou servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia. e) A data de presentación da solicitude da valoración da dependencia. f) A idade da persoa en situación de dependencia.»

Así mesmo, o artigo 45.2 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establece que a asignación de prazas vacantes a persoas incluídas no Programa de Asignación de Recursos en centros do sistema galego de servizos sociais deberá efectuarse a favor da persoa que se atope mellor situada dentro do Programa de Asignación de Recursos, con respecto ao tipo de recurso e vacante de que se trate.

A existencia desta baremación para a asignación de recursos, garante que os ingresos se fagan en base a uns mesmos parámetros de medición que evitan agravias comparativos entre os solicitantes do servizo de atención residencial.

Cuarto. O único suposto no que a Consellería de Política Social e Xuventude pode asignar unha praza pública de atención residencial sen respectar o orde establecido no Programa de Asignación de Recursos ou mesmo sen estar incluído nel, dáse nos supostos de emerxencia social regulados no artigo 16 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.

Consultado o expediente de XXX, non existen resolucións do órgano competente que recoñezan unha situación de emerxencia social que permita a aplicación do sistema extraordinario de acceso.

Quinto. En resposta á solicitudes de información relativas ao posto que interesada ocupaba no Programa de asignación de recursos, dende esta unidade administrativa subministróuselle por escrito a información nas seguintes datas:

- Solicitud de data 20/06/2022, contestada o 22/06/2022: Ámbito área A Coruña: posto número 89.
- Solicitud de data 30/06/2022, contestada o 5/07/2023. Ámbito área A Coruña: posto número 100.
- Solicitud de data 01/09/2022, contestada o 2/09/2023. Ámbito área A Coruña: posto número 124.
- Solicitud de data 18/10/202, contestada o 24/10/2022. Ámbito área A Coruña: posto número 144.
- Solicitud de 23/11/2022 (con entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela o 14/02/2023) - Contestada o 16/02/2023. Ámbito área A Coruña: posto número 205.

- Solicitude de data 21/03/2023, contestada o 22/03/2023. Ámbito Comunidade: posto número 111.

Con respecto á solicitude relativa ao posto que ocupa no Programa de Asignación de Recursos na data de emisión deste informe XXX ocupa o posto número 104, no ámbito Comunidade Autónoma.

Sexto. Con respecto á solicitude por parte da Valedora do Pobo de información relativa á previsión de ingreso compre indicar que o mesmo depende de distintas variables que non son predecibles por parte da Administración coma o número de persoas que causan alta no Programa de Asignación de Recursos e que por aplicación dos criterios establecidos na normativa teñen preferencia ou non no acceso ao recurso sobre XXX, persoas que causan baixa no Programa de Asignación de Recursos, número de vacantes comunicadas polos centros para a cobertura, existencia de emerxencias sociais estimadas con preferencia no acceso ao recurso...

Tendo en conta o exposto, A interesada ten recoñecida na data actual unha libranza vinculada a un servizo de atención residencial, manténdose incluída no Programa de Asignación de Recursos para o servizo de atención residencial para persoas maiores dependentes ata a asignación do recurso público.

A asignación dunha praza pública residencial á interesada debe realizarse de conformidade aos criterios establecidos na normativa de aplicación, segundo o principio de legalidade que rexe toda actuación administrativa.

Reitérase que a existencia dunha baremación establecida normativamente garante que os ingresos e traslados se realicen segundo uns mesmos parámetros de medición que evitan agravios comparativos entre os solicitantes do servizo de atención residencial, polo que a asignación dunha praza pública residencial á interesada sen respectar os criterios legalmente establecidos suporía un prexuízo a terceiras persoas (persoas que están mellor situadas no Programa de Asignación de Recursos).

A Consellería de Política Social e Xuventude incrementou progresivamente nos últimos anos as prazas públicas de atención residencial para persoas maiores, incremento que tamén se produciu no ano 2023, sen prexuízo dos sete novos equipamentos que entrarán en funcionamento nas sete grandes cidades galegas no marco do programa "Como na Casa", aos que se sumará o novo centro residencial que está a impulsar a Xunta de Galicia no concello de Ribeira. A posta en marcha destes

oito centros sumarán máis de 1000 novas prazas públicas de atención residencial para persoas maiores.

Estes novos equipamentos supoñen un impulso á ampliación da rede pública residencial para persoas maiores en situación de dependencia, reforzando a atención das persoas maiores dando máis cobertura a un maior número de persoas.

Estas novas prazas públicas suporán un avance significativo na ratio de cobertura das necesidades de atención residencial das persoas maiores, coa conseguinte diminución das persoas que se atopan no Programa de Asignación de Recursos á espera dun servizo de atención residencial”.

ANÁLISE

1. A queixa ten por obxecto a falta de efectividade dun servizo de praza residencial pública aprobado o 25-5-22, data dende a que a persoa afectada permanece en lista de agarda. Atópábase en postos cada vez máis retrasados na lista para acceder á praza residencial na área da Coruña (en pouco máis de medio ano pasou do 89 ao 205). O anterior facía previsible que o acceso non se producira, polo mesmo nun prazo razoable, polo que pediuse e adoptouse a medida de ampliar o ámbito xeográfico da solicitude a toda Galicia, a pesar do cal aínda se atopaba no posto 111; e tamén se pediu e aprobou unha prestación económica provisional (ata tanto non se teña a praza pública), a libranza para o pago parcial dun servizo privado.
2. A aprobación do PIA supón o recoñecemento do dereito subxectivo á prestación ou o servizo aprobado, polo que non deberan demorarse máis aló do razoable.
3. A persoa afectada está á espera da praza concedida, o que sucede debido á falta de prazas públicas ou concertadas na contorna na que se concedeu, e mesmo tamén no ámbito de toda a comunidade.
4. As circunstancias fan ver que a demanda non se axusta ás necesidades aprobadas, o que fai que as esperas teñan que ordenarse a través do programa de asignación de recursos.
5. A consellería sinala que incrementou progresivamente as prazas públicas de atención residencial para persoas maiores, aínda que non o concreta. E sinala tamén que se promoven sete novos equipamentos nas 7 cidades e máis unha residencia en Ribeira, que suporán máis de 1000 novas prazas públicas.

6. A residencia prevista na Coruña terá 150 prazas. Porén, descoñécese cando está prevista a súa posta en marcha e por tanto o aumento citado de prazas. E en calquera caso, coa posta en marcha das prazas citadas non se cubrirá a demanda recoñecida como dereito a través dos correspondentes PIAs para as persoas con gran dependencia e prioridade, de acordo cos datos aportados das listas de agarda. Por esa razón parece oportuno avaliar a necesidade dun axuste á demanda que consta.

7. No suposto obxecto de queixa faise necesario matizar, como xa indicamos, que durante a espera a persoa se atopa atendida provisionalmente a través dunha libranza para o pago parcial da actual residencia privada.

8. O anterior sucede a pesar de que tanto a persoa afectada como -ao menos- todas as persoas que se atopan diante dela na lista de agarda son persoas con gran dependencia (grao III), polo que, de acordo co previsto na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, “serán atendidas de maneira preferente” (artigo 3. q).

9. A persoa promotora da queixa demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade física, psíquica e sensorial, ás que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49).

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social e Xuventude, a seguinte recomendación:

Que se avalíe a necesidade de aumentar as prazas residenciais na área da Coruña, posto que mesmo cando se poña en funcionamento a novo centro residencial da área, este non será suficiente para atender a demanda aprobada mediante programas de atención ás persoas con gran dependencia e por tanto preferencia; e que se avalíe o aumento tamén con carácter xeral para garantir a atención ás persoas con preferencia, en primeiro termo, e despois ao resto das persoas co dereito xa recoñecido.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes de conta da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.



Ademais, en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdaa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo